

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE BOIMORTO, DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, DE PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DA DEPENDENCIA E DO AGRAVAMENTO DESTA, ASÍ COMO DA PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL PARA O EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar co Concello de Boimorto o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2022, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actividades do Concello de Boimorto durante o 2022, dirixidas á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese Concello, mediante unha concesión de forma directa en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeneral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.



- c. A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d. A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e. A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f. A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade coo previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g. A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h. O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i. A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j. A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k. Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, co fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración de cara á elaboración de accións ou programas conxuntos no eido da atención ás persoas maiores, especialmente na atención á dependencia, no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei



9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cumprindo, así mesmo, as condicións establecidas no artigo 6.1. da mencionada lei.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

